



FEDERACIÓN DOWN GALICIA

III Plan Estratégico 2019-2022



OUTUBRO 2019

INTRODUCCIÓN

PRESENTACIÓN E HISTORIA DA ORGANIZACIÓN

A **Federación Down Galicia** é una entidade sen ánimo de lucro, creada no ano 1.998, que agrupa a 7 entidades específicas para a síndrome de Down da Comunidade Autónoma de Galicia, tal e como queda reflectido no seguinte mapa:



Dende a súa constitución, a **Federación Down Galicia** e as súas entidades membro definiron un estilo de traballo propio marcado, sobre todo, polo compromiso social a favor da inclusión e da participación das persoas coa síndrome de Down e calquera outra discapacidade intelectual, a través duns criterios de actuacións básicos para garantir a coherencia, eficacia e éxito das actuacións. Polo tanto, o sentido principal da existencia do **“Movemento DOWN GALICIA”** ven dado polas necesidades de establecer as medidas precisas para garantir a igualdade de oportunidades das persoas coa síndrome de Down, a través da provisión de servizos e actividades das que están desprovistas na súa contorna.

O MOVEMENTO DOWN en GALICIA:

- Ten como **OBXECTIVO PRIORITARIO** conseguir que as persoas coa síndrome de Down e calquera outra discapacidade intelectual consigan a máxima capacidade posible para levar unha VIDA AUTÓNOMA, tomar as súas PROPIAS DECISIÓNS e formar parte da sociedade dunha maneira VISIBLE e inclusiva.
- Enfoca todo o seu traballo cara a un **servizo integral de atención ás persoas con discapacidade intelectual de promoción da súa autonomía: SEPAP (Servizo de Promoción da Autonomía Persoal)**. Dado que este servizo abarca todo o período evolutivo das persoas, realízase unha organización de programas atendendo ás necesidades específicas en cada un deses períodos, pero tendo en conta que a persoa é un “todo integral”. Para

realizar unha organización na xestión do servizo identifícanse seis áreas de actuación que seguen o esquema global do ciclo da vida das persoas atendidas, tal como se presenta a continuación:



A historia da Federación e as súas entidades mostra como nos seus inicios eran organizacións baseadas no voluntarismo e voluntariedade das familias, que buscaban un novo e mellor futuro para os seus fillos e fillas. Nun período moi breve, foron transformándose en organizacións cada vez máis profesionalizadas, que creceron de maneira exponencial grazas a investimentos apoiados desde diferentes puntos das administracións e financiadores cada vez máis comprometidos con proxectos sociais como este.

Así pois, o percorrido da nosa entidade permite destacar unha serie de feitos:

ANO	ACONTECEMENTO NO MOVEMENTO DOWN GALICIA
1989	Nace a Asociación para a Síndrome de Down “Down Vigo”
1991	Nace a Asociación para a Síndrome de Down “Xuntos”, en Pontevedra
1994	Nace a Asociación para a Síndrome de Down de Ferrol “Teima”
1996	Nace a Asociación para a Síndrome de Down de Lugo “Down Lugo”
1997	Nace a Asociación para a Síndrome de Down “Down Compostela”
1998	Nace a Federación Down Galicia
2000	Nace a Asociación para a Síndrome de Down “Down Coruña”
2002	A Federación crea a Programa de Emprego con Apoio
2003	Nace a Asociación para a Síndrome de Down “Down Ourense”
2004	Down Galicia entra a formar parte do CERMI, que é o “Comité Galego de Entidades Representantes de Persoas con Discapacidade”. Traballa para defender os dereitos de todas as persoas con discapacidade.
2006	Nace a Fundación Down Compostela. Down Galicia é declarada de Utilidade Pública. Quere dicir que Down Galicia traballa polo interese xeral das persoas coa síndrome de Down e calquera outra discapacidade intelectual. Down Galicia acóllese á Lei de Mecenado. Isto significa que as persoas ou empresas que fan doazóns a Down Galicia poden ter descontos nos seus impostos.

ANO	ACONTECEMENTO NO MOVEMENTO DOWN GALICIA
2008	<p>Down Galicia, xunto con outras entidades de Iniciativa Social, aposta pola constitución de EAPN Galicia, que é a Rede contra a Pobreza e a Exclusión Social. Traballa para que ningunha persoa sexa excluída da sociedade, por ningún motivo.</p> <p>Comeza a certificación de calidade dos servizos prestados, por AENOR (ISO 9001). Isto quere dicir que o traballo que fai Down Galicia e as súas entidades membro (asociacións e fundación) faise coa calidade recoñecida. AENOR é a empresa certificadora que supervisa o noso sistema de xestión.</p>
2009	<p>Realízase a planificación estratéxica para o período 2009-2012. Trátase dun documento no que se recolle todo o traballo que hai que facer entre o ano 2009 e o ano 2012.</p>
2010	<p>A Federación crea o servizo de Vida Independente.</p> <p>Comezan os cursos e xornadas sobre Aprendizaxe Cooperativa. Trátase de estudar unha nova forma de dar clase para que todo o alumnado participe e colabore na aula.</p>
2011	<p>Certifícanse en calidade, por AENOR (ISO 9001), todos os servizos e procesos que realizan as entidades membro de Down Galicia (asociacións e fundación).</p> <p>Renovación da Xunta Directiva por 4 anos.</p>
2012	<p>Créase o Departamento de Comunicación.</p>
2013	<p>Créase a área de Envellecemento Activo. O obxectivo é que as persoas coa síndrome de Down e calquera outra discapacidade intelectual se fagan maiores sen perder a súa autonomía, do mesmo xeito que calquera outra persoa.</p> <p>Realízase a planificación estratéxica 2014-2016.</p> <p>Renóvase a web da Federación Down Galicia.</p>
2014	<p>Conséguese a certificación por parte da Fundación Lealtad como entidade analizada en transparencia e boas prácticas.</p> <p>Apróbase o novo Plan Estratéxico da Federación Down Galicia 2014-2016.</p> <p>Créanse os Premios Down Galicia para entregar o 21 de Marzo de cada ano.</p> <p>Obtéñense os Permisos de Inicio de Actividade da Rede de Vivendas Down Galicia (5 vivendas).</p>
2015	<p>Empézase a utilizar unha nova ferramenta de xestión e control da información.</p> <p>Renovase a Xunta Directiva.</p> <p>Celébrase o Encontro 2015 - Persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual, familias e técnicos das entidades Down.</p>
2016	<p>Organízase o 2º Encontro Nacional de Mozos e Mozas de Down España.</p> <p>Celébrase o II Encontro de Directivos/as e persoal técnico das Entidades Down en Galicia.</p> <p>Crease o protocolo de detección precoz de patoloxías neurodexenerativas: Protocolo ASE.</p> <p>Lanzamento da Revista Down Galicia (trimestral) e do boletín interno (mensual).</p>
2017	<p>Celébrase o Encontro 2017 Down Galicia para persoas coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual, familias e técnicos.</p> <p>Participase na elaboración do Protocolo de Inclusión Educativa para persoas coa síndrome de Down.</p>

ANO	ACONTECEMENTO NO MOVEMENTO DOWN GALICIA
2018	<p>Organízase a “Festa pola inclusión” - 20 aniversario de Down Galicia.</p> <p>Publícase o “Protocolo de Inclusión Educativa para persoas coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual” (colaboración coa Xunta de Galicia).</p> <p>Publícase a “Guía de estilo sobre persoas coa síndrome de Down”: manual orientado a sensibilizar, positivar e concienciar sobre a terminoloxía máis axeitada para referirse ás persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais.</p> <p>Publícanse as “Recomendacións de saúde para persoas adultas coa síndrome de Down”.</p>

Down Galicia e as súas entidades membro obtiveron diversos logros, premios e recoñecementos ao longo dos anos, entre os que destacan os que se indican a continuación:

ANO	PREMIO / RECOÑECEMENTO MOVEMENTO DOWN GALICIA
2004	Premio “ONCE Galicia á Solidariedade” de integración laboral.
2010	Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e Down Galicia, no que se recoñece a contribución de Down Galicia na mellora da inclusión educativa das persoas con discapacidade.
2011	Certificación de calidade de AENOR en base á norma ISO 9001 con alcance a toda a organización.
2012	Premio da 5ª edición dos Premios Nacionais “Educaweb” de Orientación Académica e Profesional co proxecto “Guía de orientación académica e profesional para persoas coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual”.
2012	1º Premio Nacional do VI Concurso “Voluntarios BBVA” co proxecto Prácticas Formativas para “Emprego con Apoio para persoas coa síndrome de Down e/ou Discapacidade Intelectual”.
2013	3º Premio Nacional Solidario Cenor Electrodomésticos ao proxecto de Emprego con Apoio.
2014	Premio Luís Tilve “Traballo Digno” ao proxecto Emprego con apoio.
2014	“XI Convocatoria de Axudas” Fundación Solidariedade Carrefour ao proxecto “Aulas Interactivas para a Estimulación Cognitiva de Alumnos coa síndrome de Down.
2014	Premio do “I Concurso de Proxectos Solidarios da Fundación Grupo Norte” ao proxecto Emprego con Apoio.
2014	Premio Accésit Atresmedia ao proxecto “Unha escola para todos: Apoio á inclusión escolar de alumnos coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual”.
2015	I Premio Fundación Randstad (categoría institucional) ao proxecto “Potenciando o talento profesional: emprego con apoio”.
2015	Premio ao Mellor Proxecto TIC con Beneficios Sociais 2015 ao proxecto “Aulas Interactivas para a Estimulación Cognitiva de Alumnos coa síndrome de Down”, AETG-AMTEGA.
2015	Entidade seleccionada e participante no “Desafío Solidario 2015” Fundación Botín: mellora da Educación en España.
2016	Premio na categoría xeral da V Edición de Territorios Solidarios BBVA co proxecto “Vida

ANO	PREMIO / RECOÑECIMENTO MOVEMENTO DOWN GALICIA
	independente para persoas coa síndrome de Down".
2017	III Premios Redacción Médica á Sanidade de Galicia na categoría de Responsabilidade Social Sociosanitaria.
2018	Premios “la Caixa” á Innovación Social 2017 ó proxecto “Unha escola para todos/as: Inclusión educativa de alumnos/as coa Síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual”
2018	Recoñecemento da Fundación Mapfre á traxectoria de Down Galicia pola inclusión laboral das persoas con discapacidade intelectual.
2018	Premio “Líderes en Calidade de Galicia” (Polo sistema multisai de xestión da calidade – Certificado ER-1033/2008 – Norma ISO 9001:2015)
2018	Mención honorífica a entidades de acción voluntaria de Galicia concedida pola Xunta de Galicia

A MISIÓN

Coordinar, apoiar e impulsar o labor de contribución das entidades membro á mellora da calidade de vida de cada persoa coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais e das súas familias, a través da inclusión social e da utilización dos recursos comúns da comunidade, asumindo o establecido na Convención de Nacións Unidas sobre dereitos das persoas con discapacidade.

A VISIÓN

A Federación Down Galicia será, co seu traballo, un **referente** da **inclusión** das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais e tamén fronte ás Administracións e o entorno comunitario pola **reivindicación** continua dunha contorna máis inclusiva.

A Federación Down Galicia converterase nun referente do **traballo conxunto** das súas entidades membro en torno ás boas prácticas inclusivas, á profesionalización dos seus equipos e á **unión das familias** para lograr unha sociedade máis inclusiva, cunha real **igualdade de oportunidades** e, polo tanto, máis **xusta** e **enriquecedora** para todo o conxunto social.

OS NOSOS VALORES

A Federación Down Galicia desenvolve unha conduta en sintonía cos seguintes valores:

Coherencia

As entidades e todas as persoas que formamos parte da Federación Down Galicia somos coherentes cos nosos principios.

Respectamos a diversidade humana, estamos comprometidos coa dignidade das persoas coa síndrome de Down e calquera outra discapacidade intelectual, e promovemos a inclusión e o exercicio dos seus dereitos, especialmente a igualdade de oportunidades e a autodeterminación.

Compromiso

A empatía resulta un requisito imprescindible para que as entidades e todas as persoas que forman parte da Federación Down Galicia exerciten o seu compromiso coa misión da entidade.

Esforzámonos por comprender os sentimentos, necesidades e intereses dos demais, especialmente das persoas coa síndrome de Down e calquera outra discapacidade intelectual.

Efectividade

Queremos ser efectivos e esforzámonos por lograr os nosos obxectivos dunha forma eficiente e sostida no tempo, de forma que contribúan ao máximo desenvolvemento da nosa misión.

Innovamos para dispoñer dos instrumentos e modelos de actuación que nos permitan unha intervención efectiva que responda integralmente a todas as necesidades dos nosos destinatarios directos.

Como entidade de iniciativa social comprometida coa construción do estado de dereito e que traballa a favor de fins de interese xeral, estamos comprometidas/os coa mellora continua, colaboramos activamente con todo o noso grupo de interese e somos transparentes na nosa xestión.

Participación

Traballamos activamente en diferentes ámbitos para que cada persoa coa síndrome de Down e calquera outra discapacidade intelectual sexa valorada, respectada, comprendida, apoiada e implicada no desenvolvemento da sociedade.

Contribuímos ao desenvolvemento dunha sociedade máis diversa, inclusiva, democrática e xusta, promovendo a participación activa das persoas coa síndrome de Down e calquera outra discapacidade intelectual.

Estimulamos a participación das persoas e as entidades membro na vida asociativa dunha Federación que se abre á súa contorna para contribuír á construción dunha sociedade máis inclusiva.

Reivindicación

Reivindicamos os dereitos, deberes e liberdades das persoas coa síndrome de Down e calquera outra discapacidade intelectual coa defensa dos nosos principios, exercitando os nosos valores e desenvolvendo políticas efectivas.

A relevancia do propósito da nosa misión alenta o esforzo, tenacidade e resistencia que nos caracteriza na defensa dos intereses dos nosos destinatarios.

Unión

A unión do movemento Down en Galicia ao redor da Federación é un patrimonio institucional que debe preservarse como elemento impulsor do desenvolvemento da súa misión.

A Federación Down Galicia contribúe ao desenvolvemento organizativo das súas entidades membro respectando o ámbito de decisión de cada unha delas e procurando o consenso nos asuntos comúns.

PRINCIPIOS REITORES

- **Diversidade:** *Todas as persoas somos diferentes.* Defendemos a riqueza de relacionarnos e traballar con persoas diversas.
- **Dignidade:** *Son unha persoa.* Defendemos o valor da persoa a través das súas capacidades e logros.
- **Autodeterminación:** *Vivo a miña vida.* Promovemos a capacitación para a toma de decisións propias e a autoxestión.
- **Igualdade de oportunidades:** *Coma ti, podo con apoio.* Proporcionamos apoio para un desenvolvemento vital pleno en todas as etapas da vida.
- **Inclusión:** *A miña inclusión é o éxito de todos.* Promovemos a participación en todos os ámbitos da sociedade, dando visibilidade a todas as persoas.

Diversidade: “Todas as persoas somos diferentes”

Cada ser humano é único, diferente e irrepitible.

As diferenzas propias das persoas coa síndrome de Down e calquera outra discapacidade intelectual han de ser aceptadas e valoradas.

As súas necesidades han de ser tidas en conta, dándolle a mesma importancia que se lle dá ás necesidades dos demais membros da sociedade.

O respecto pola diversidade implica a ruptura do individualismo e a apertura á solidariedade. Permite descubrir e valorar a cada quen como un ser diferente que achega valor á comunidade.

Dignidade: “Son unha persoa”

Todo ser humano ten dignidade e valor de seu pola súa condición de ser humano. É en si mesmo digno e merecedor de respecto. O seu valor non está condicionado polos seus méritos.

Os dereitos humanos, os dereitos de cada persoa, fundaméntanse na dignidade humana e as persoas coa síndrome de Down ou calquera outra discapacidade intelectual teñen os mesmos dereitos e deberes que as demais persoas.

Autodeterminación: “Vivo a miña vida”

Ninguén pode usurpar o dereito de cada persoa para ser protagonista da súa propia vida. As persoas coa síndrome de Down ou calquera outra discapacidade intelectual son suxeitos activos con capacidade para a autodeterminación.

Igualdade de oportunidades: “Coma ti, podo con apoio”

Recoñecer e valorar as diferenzas implica articular medidas que fagan real e efectivo o exercicio dos dereitos e liberdades de todos e todas.

Fai falta eliminar as situacións de desigualdade que impiden ou dificultan que todas as persoas poidan exercer dun modo efectivo os seus dereitos, participar activamente na sociedade e realizar o seu proxecto de vida.

Para que se produza unha verdadeira igualdade de oportunidades é preciso ter moi presentes as diferenzas e necesidades específicas que teñen as persoas coa síndrome de Down ou calquera outra discapacidade intelectual.

Inclusión: “A miña inclusión é o éxito de todos”

Todos os membros dunha sociedade contribúen a enriquecela.

O recoñecemento deste feito favorece o desenvolvemento dunha sociedade democrática.

Actualmente, moitas das persoas coa síndrome de Down ou calquera outra discapacidade intelectual atópanse á marxe da sociedade en boa parte dos seus ámbitos. Esta situación lesiona os seus dereitos e empobrece á sociedade.

O desenvolvemento social esixe considerar a todos os seus membros sen distinción, implica respectar os dereitos humanos de todas as persoas, a súa dignidade e liberdade.

PLAN DE ACCIÓN: OBJECTIVOS, INDICADORES, INICIATIVAS E TAREFAS A DESENVOLVER

Os obxectivos estratéxicos previstos pola Federación están vinculados a un plan de acción que ten como finalidade garantir que se desenvolvan todas as tarefas posibles dirixidas á súa consecución. Así mesmo, no devandito plan contéplanse as formas de medición do cumprimento das metas previstas e das actividades a realizar.

Neste sentido, o resultado final da planificación inclúe:

Que queremos conseguir?

A isto dáse resposta a través da descrición do obxectivo estratéxico e a xustificación do mesmo.

Como podemos saber se o conseguimos?

As ferramentas para a medición do grao de consecución de cada obxectivo estratéxico son os denominados **indicadores chave**. Estes refírense aos indicadores chamados de resultado ou rendemento que, como o seu nome indica, miden os resultados e efectos directos e inmediatos do Plan.

Que imos facer para conseguilo?

Na descrición de cada **iniciativa** atópase a acción/plan onde se encadran as tarefas para desenvolver.

Que tarefas/actividades pode implicar facer isto?

Sinálanse as tarefas ou actividades dirixidas á consecución de cada obxectivo.

Como se pode saber se as tarefas se realizan?

Para a medición do grao de desenvolvemento das tarefas a realizar empréganse os denominados **indicadores operativos**. Estes son indicadores de realización que miden as consecuencias concretas e inmediatas das actividades realizadas.

A definición destes criterios permite establecer a planificación operativa plurianual do 2019 ao 2022. Nas páxinas seguintes recóllese en oito táboas, unha por cada obxectivo estratéxico, o marco de actuación da Federación para o devandito período.

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS DE DOWN GALICIA		
OBXECTIVO	DEFINICIÓN DO OBXECTIVO	XUSTIFICACIÓN DO OBXECTIVO
OBXECTIVO ESTRATÉXICO 1	Situar o modelo de inclusión Down de Promoción da Autonomía Persoal como un referente na sociedade.	Necesidade de visibilizar e expandir o modelo para poñer en valor ás persoas coa síndrome de Down e calquera outra discapacidade intelectual.
OBXECTIVO ESTRATÉXICO 2	Incidir a nivel político reivindicando o modelo de Promoción da Autonomía Persoal.	Necesidade de incidir a nivel político reivindicando o modelo de Promoción da Autonomía Persoal e os dereitos das persoas con discapacidade.
OBXECTIVO ESTRATÉXICO 3	Lograr un desenvolvemento sustentable e captación de recursos.	Garantir o desenvolvemento e a calidade dos servizos contando con persoal estable e conseguindo financiamento a través de novas alternativas na captación de recursos
OBXECTIVO ESTRATÉXICO 4	Manter a cohesión entre as entidades Down e consenso nos acordos.	<p>Protocolarizar o réxime de acordos da Federación e o seu cumprimento polas entidades membro, buscando o consenso.</p> <p>Establecemento e difusión dun marco regulador interno claro que evite conflitos e malentendidos en cuestións que afectan á participación, reparticións, actuacións insolidarias,...</p> <p>Necesidade de delimitar de forma clara e precisa as competencias da Federación e a contribución das entidades membro á súa representación e á filosofía do ben común, facendo tanxible e visible o papel da Federación e fomentando a comunicación, cohesión e participación das entidades Down e das súas xuntas directivas.</p>
OBXECTIVO ESTRATÉXICO 5	Promover e reforzar as alianzas con entidades públicas e privadas.	Necesidade de sumar aliados que promovan e faciliten apoio ao labor do Movemento Down dunha maneira continuada e sólida no tempo, que promovan a sustentabilidade, aseguren a expansión da filosofía do modelo e logren unha maior incidencia nas políticas.
OBXECTIVO ESTRATÉXICO 6	Promover o desenvolvemento de Down Galicia sobre os piares da innovación e o talento.	O talento do persoal profesional do Movemento Down (as persoas que se quedan e as que se van) é un recurso para explotar para fortalecer a situación como referente en Inclusión Social e a promoción da autonomía. Establecer dinámicas de compartir boas prácticas para poñer en marcha o talento das e dos profesionais.
OBXECTIVO ESTRATÉXICO 7	Dinamizar a base social: aumentar a participación das familias e das persoas usuarias no desenvolvemento das entidades Down.	Este é un elemento con alto potencial e que é necesario para contribuír ás organizacións.
OBXECTIVO ESTRATÉXICO 8	Apoiar ás entidades membro para dar resposta ás novas necesidades que as persoas usuarias teñen en etapa adulta asociadas ao envellecemento prematuro e/ou maior necesidade de apoio.	As novas necesidades detectadas nas entidades membro cun perfil de persoas usuarias sen resultados visibles en entorno ordinario (sobre todo ECA) e con maior necesidade de apoio, amplificadas co envellecemento prematuro.